



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN GALLEGA DEL HIDRÓGENO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO, DIFUSIÓN, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO E O IMPULSO DO SECTOR INDUSTRIAL DO HIDRÓXENO VERDE EN GALICIA DURANTE O ANO 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar con a Asociación Gallega del Hidrógeno (en adiante, a Asociación), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e rematará o 31 de decembro de 2025, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o INEGA e a Asociación para a realización de actividades relacionadas co fomento, difusión, información e comunicación relacionadas co desenvolvemento e o impulso do sector industrial do hidróxeno verde en Galicia durante o ano 2025.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

INEGA constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Na actualidade as políticas de diversos ámbitos e niveis están sendo influenciadas por todos os acordos para a mitigación do cambio climático, posto que o modelo de malgasto enerxético e fontes de enerxía contaminantes non nolo podemos permitir. Todos os escenarios prospectivos futuros mostran como, para acadar os niveis desexables de redución de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro é imprescindible descarbonizar case totalmente o sector eléctrico e abandonar, en gran parte, o emprego de combustibles fósiles no resto dos sectores.

Doutra parte, a Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de





asociación, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións por resolución do 01-06-2022, correspondéndolle o número 2022/25110-1.

A Asociación ten entre outros obxectivos o fomento e o desenvolvemento do hidróxeno renovable en Galicia. A descarbonización é un obxectivo fundamental na política de desenvolvemento e sustentabilidade a nivel nacional, europeo e internacional. O hidróxeno verde, que se produce mediante enerxías renovables, considérase unha das principais solucións que contribuirán a crear una economía sostible con alto valor engadido.

O sector do hidróxeno, dada a privilexiada situación xeográfica de Galicia, permite a dinamización do tecido industrial en Galicia, pedra angular para o seu crecemento e desenvolvemento, no marco das posibilidades que ofrece o hidróxeno verde.

- Converter a Galicia nunha das rexións europeas líderes na xeración de enerxías renovables e hidróxeno verde.
- Participación das PEMES e empresas da comarca na fabricación de todo tipo de compoñentes vinculados á cadea de valor do hidróxeno.
- Promover a I+D+i enerxética rexional.
- Promover proxectos que reduzan as emisións de CO2.
- Promover un marco normativo de certificacións, estándares e formación.

Na actualidade, é necesario continuar avanzando nas novas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima europeo, nacional, autonómico, destacando en canto a este último a "Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050" e a "Axenda Enerxética de Galicia" 2030", a través da posta en marcha de novas propostas que redunden na consecución de novos obxectivos enerxéticos e medioambientais establecidos como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local.

É por isto que o INEGA, neste marco, ante a imposibilidade de promover a concorrència para a execución destas actuacións e no seu obxectivo de impulsar o estudo das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas renovables e a mellora do aforro e a eficiencia enerxética no actual período de transición colabora coa Asociación, para a realización conxunta de actividades de fomento, difusión, información e comunicación relacionadas co desenvolvemento e o impulso do sector industrial do hidróxeno verde en Galicia, asignando os recursos necesarios para levalas a cabo.





A posta en marcha pola Unión Europea dos Fondos de Recuperación e resiliencia, Next Generation EU (NGEU), anima aos estados e ás rexións europeas a posicionarse e xerar os mellores proxectos estratéxicos para a súa contorna empresarial.

Globalmente, o Sector das Enerxías Renovables de Galicia xerou en 2022 un Valor Engadido Bruto duns 3.000 millóns de euros, o 4 % do PIB, e dez mil postos de traballo, o 0,9 % do emprego total, centrado nas diferentes tecnoloxías renovables. Destaca asemade o predominio no tecido sectorial das Pemes e a súa dispersión que se traduce coma elemento chave de vertebración territorial de Galicia.

A incerteza do contexto actual e as consecuencias dunha crise sanitaria e económica a nivel global require acelerar a transformación da industria galega das enerxías renovables, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.

O INEGA colaborará con a Asociación no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega máxima de cento corenta e sete mil euros (147.000,00 €), I.V.E. engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2025, segundo o cadro seguinte:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Guía de tramitación de instalacións de hidróxeno en Galicia	15.740,00€
Unidade de Vixilancia Tecnolóxica e intelixencia estratéxica	7.042,00€
Ampliación do alcance e actualización do Mapa de capacidades industriais de Galicia entorno ao Hidróxeno verde	25.436,00€
Estudo da situación actual do ecosistema do hidróxeno verde en Galicia	13.944,00€
Desenvolvemento de accións de promoción, difusión, divulgación e comunicación para a promoción do ecosistema do hidróxeno renovable en Galicia.	84.838,00€
TOTAL	147.000,00 €





O interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada.

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, xerar volume de negocio e evitar a contaminación ambiental, dar a coñecer as empresas e a cidadanía en xeral este sistema de aproveitamento enerxético.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director do Departamento de Enerxía
P.A. Silvia Cortiñas Fernández, xerente do Inega,

